

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN MARCO

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico.
Artigo 2. Personalidade e capacidade xurídica
Artigo 3. Ámbito e domicilio

TÍTULO II OBXECTO E FINS DA FUNDACIÓN MARCO

- Artigo 4. Obxecto da Fundación Marco

TÍTULO III DAS ENTIDADES FUNDADORAS E BENFEITORAS

- Artigo 5. Entidades fundadoras
Artigo 6. Dotación fundacional
Artigo 7. Entidades benfeitoras
Artigo 8. Dereitos e obrigas
Artigo 9. Separación das entidades benfeitoras

TÍTULO IV GOBERNO DA FUNDACIÓN MARCO

- Artigo 10. Órganos da Fundación Marco

CAPÍTULO I.- O PADROADO

- Artigo 11. Natureza
Artigo 12. Composición do Padroado
Artigo 13. Presidente/a de Honor
Artigo 14. Presidente/a
Artigo 15. Vicepresidente/a
Artigo 16. Vocais
Artigo 17. Funcións do Padroado
Artigo 18. Funcionamento, convocatoria e acordos
Artigo 19. Secretario/a

CAPÍTULO II.- O DIRECTOR/A

- Artigo 20. O Director/a
Artigo 21. Funcións

CAPÍTULO III.- ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

- Artigo 22. Órganos complementarios
Artigo 23. Comisión asesora
Artigo 24. Funcións da comisión asesora
Artigo 25. Asociación de Amigos do Museo de arte Contemporánea de Vigo

TÍTULO V

RECURSOS DA FUNDACIÓN MARCO

- Artigo 26. Destino de rendas e ingresos
Artigo 27. Financiamento dos gastos derivados de funcionamento do MARCO

TÍTULO VI

RÉXIME PATRIMONIAL, FINANCEIRO E CONTABLE

- Artigo 28. O patrimonio
Artigo 29. Réxime de recursos económicos
Artigo 30. Orzamento
Artigo 31. Réxime financeiro

TÍTULO VII

RÉXIME INTERNO E DE PERSOAL

- Artigo 32. Regulamento de réxime interno
Artigo 33. Réxime de persoal

TÍTULO VIII

MODIFICACION E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN MARCO

- Artigo 34. Modificación dos estatutos
Artigo 35. Extinción da Fundación Marco

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico

1. Ó abeiro do dereito recoñecido no art. 34.1 da Constitución e sen prexuízo de que no mesmo senso se reflicte na Carta Fundacional, O Concello de Vigo, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra -CAIXANOVA- constitúen unha organización de natureza fundacional de interese galego e natureza cultural, de carácter permanente e de duración indefinida, que se denominará "Fundación Marco".

2. A Fundación Marco rexeráse pola vontade dos fundadores manifestada nestes estatutos, pola Lei 7/1983, do 22 de xuño, de fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro e polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que lle foran de aplicación.

Así mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 30/1994, do 24 de novembro, sobre fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, o Real decreto 316/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, ou polas disposicións que o substitúan.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade xurídica

1. Para o cumprimento dos seus fins a Fundación Marco terá plena capacidade xurídica e de obrar, para o que poderá realizar tódolos actos necesarios, sen outras limitacións que as expresamente impostas polas disposicións legais aplicables a esta clase de fundacións e polos presentes estatutos.

2. A Fundación Marco adquirirá personalidade xurídica dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia, sen prexuízo da validez das actuacións imprescindibles realizadas durante a súa formación, que se entenderán asumidas automaticamente por esta, unha vez inscrita.

Artigo 3.- Ámbito e domicilio

1. A Fundación Marco desenvolverá principalmente as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que, no que se refire ás súas actividades culturais, poida exceder este ámbito territorial.

2. A Fundación Marco terá a súa sede e desenvolverá as súas actividades no edificio, de propiedade municipal, destinado ó Museo de Arte Contemporánea de Vigo, de natureza demanial adscrito a un servizo público, sito na rúa do Príncipe, nº 54 desa cidade. O Padroado poderá promover o cambio de domicilio mediante a oportuna modificación estatutaria con inmediata comunicación ó Protectorado, reforma prevista na lexislación vixente.

3. O Padroado da Fundación Marco poderá establecer sedes ou delegacións temporais ou permanentes noutras cidades ou municipios en atención ó mellor cumprimento dos fins que lle son propios. Estes acordos, de se producir, serán comunicados de modo inmediato ó Protectorado.

TÍTULO II OBJECTO E FINS DA FUNDACIÓN MARCO

Artigo 4.- Obxecto da Fundación Marco

1. A Fundación Marco ten por obxecto:

A Fundación estará dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporánea, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ó tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

2. Para a realización do obxecto descrito a Fundación Marco poderá:

1) Organizar e levar a cabo exposicións e actividades culturais encamiñadas ó coñecemento e a difusión da arte e da cultura contemporáneas, tanto estatal como internacional, considerando tódalas formas de expresión artística, en particular, os novos procesos de creación, produción e distribución das artes e da cultura actual.

- 2) Constituír e custodiar unha colección museística representativa da arte contemporánea estatal e internacional, así como tódalas funcións museográficas asociadas con esta función como a conservación, catalogación, restauración, investigación e exhibición ordenada desta.
- 3) Poñer en funcionamento un centro de documentación con fondos bibliográficos, documentais, audiovisuais e musicais que faciliten a conexión e a difusión da cultura contemporánea.
- 4) Desenvolver unha función activa na promoción do consumo de bens culturais en tódolos sectores da sociedade mediante programas de formación e de educación para persoas adultas e actividades didácticas para nenos/as encamiñadas a potencia-la capacidade de participación das persoas na vida social e cultural da cidade.
- 5) Fomentar e difundi-las iniciativas de investigación en tódolos ámbitos das artes plásticas, en particular, das tendencias máis anovadoras da arte contemporánea e das novas formas de expresión artística audiovisual e na rede.
- 6) Fomenta-las iniciativas de formación profesional en tódolos ámbitos das artes plásticas.
- 7) Potencia-los mecanismos necesarios para a elaboración e publicación de fondos bibliográficos e documentais sobre as actividades da Fundación Marco, tanto en papel como na rede.
- 8) Potencia-la creación dunha "Asociación de Amigos do Marco. Museo de Arte Contemporánea de Vigo" que facilite a comunicación e interrelación do centro cos cidadáns e cidadás.
- 9) Potencia-los mecanismos de comunicación, interrelación e coñecemento entre as iniciativas culturais e contemporáneas do país e os movementos creativos contemporáneos internacionais que permitan situa-la cidade de Vigo e a Fundación Marco dentro dos circuitos culturais internacionais, establecendo relacións de cooperación con outros museos, centros de arte e institucións culturais estatais e internacionais.
- 10) Calquera outro fin relacionado cos anteriores que acorde o Padroado.

TÍTULO III
DAS ENTIDADES FUNDADORAS E BENFEITORAS

Artigo 5.- Entidades fundadoras

Son entidades fundadoras da Fundación Marco, e como tales figurarán na escritura pública da Carta Fundacional que se outorgue, aquelas que constitúen e crean a Fundación. Constitúen e crean a Fundación Marco, e polo tanto son entidades fundadoras, o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra.

As entidades fundadoras formarán parte do Padroado da Fundación Marco en virtude da súa achega e do seu compromiso estable co desenvolvemento desta e na medida que cumpran coas condicións que os presentes estatutos establecerán para a adquisición de tal condición.

Artigo 6.- Dotación fundacional

No momento do outorgamento da carta fundacional, as entidades fundadoras deberán realizar unha achega inicial, en concepto de dotación patrimonial.

A devandita achega consiste nun capital total de 24.040.48 € aportados da seguinte forma:

1) Por parte do Concello de Vigo:

Como dotación inicial o Concello de Vigo aporta á Fundación inicialmente, e sen prexuízo de posibles achegas periódicas posteriores, un capital de 6.010,12 €.

2) Por parte das outras tres entidades fundadoras:

- Como dotación inicial CAIXANOVA aporta á Fundación inicialmente, e sen prexuízo de posibles achegas periódicas ou extraordinarias posteriores, un capital de 6.010,12 €.
- Como dotación inicial a Xunta de Galicia aporta á Fundación MARCO inicialmente, e sen prexuízo de posibles achegas periódicas ou extraordinarias posteriores, un capital de 6.010,12 €.
- Como dotación inicial a Deputación de Pontevedra aporta á Fundación inicialmente, e sen prexuízo de posibles achegas periódicas ou extraordinarias posteriores, un capital de 6.010,12 €.
-

Artigo 7.- Entidades benfeitoras

Considéranse entidades benfeitoras persoas naturais ou xurídicas (públicas ou privadas) que manifestan de maneira fidedigna o seu interese en colaborar economicamente e de forma activa no desenvolvemento dos fins fundacionais da Fundación Marco.

A solicitude de ingreso, dirixida ó Presidente do Padroado, debe ser aprobada polo Padroado da Fundación por maioría de dous terzos, e estará supeditada a que se realice a achega que se considere suficiente, que se destinará a sufraga-los gastos correntes-ordinarios ou extraordinarios- orixinados polo desenvolvemento dos fins da Fundación Marco.

A solicitude de ingreso irá acompañada, se é o caso, de certificación do acordo adoptado polo máximo órgano de representación e deberá manifesta-la vontade de adhesión a estes estatutos e ás normas que os desenvolven, así como ás demais disposicións aplicables, co compromiso de asumi-los dereitos e as obrigas inherentes.

A totalidade das entidades benfeitoras poderán designar un vocal no Padroado da Fundación

Artigo 8.- Dereitos e obrigas

As entidades fundadoras e as entidades benfeitoras teñen os seguintes dereitos e obrigas:

- 1) Cumpri-los estatutos e acordos que, de forma válida, se adopten.
- 2) Formar parte e asistir con voz e voto ás reunións dos órganos nos que estean representados conforme a estes estatutos.
- 3) Satisface-las achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan.
- 4) Participar nos órganos complementarios, que de se-lo caso se creen, na forma que se determine.
- 5) Recibir información por medio dos seus representantes e obtela estes para si no exercicio interno das súas funcións.

Artigo 9.- Separación das entidades benfeitoras

1.A separación das entidades benfeitoras da Fundación Marco, decidirse trala comunicación expresa ó Padroado.

2. O Padroado poderá decidi-la separación destas entidades, en caso de incumprimento notorio e reiterado das súas obrigas, trala instrución do expediente coa audiencia da entidade afectada, sempre que esta fose requirida para o efecto.

3. Non será preciso requirimento previo no caso de actos que afecten gravemente ó interese xeral e ós fins da Fundación. Será precisa a concesión de audiencia no expediente que ó respecto se instrúa.

4. O incumprimento de obrigas para coa Fundación non será determinante da separación se a entidade cumprise voluntariamente as obrigas contraídas, aínda que fose de forma extemporánea.

5. Unha vez decidida a separación dunha entidade da Fundación, esta cesará inmediatamente de estar representada nos órganos de goberno.

TÍTULO IV **GOBERNO DA FUNDACIÓN MARCO**

Artigo 10.- Órganos da Fundación Marco

1. Órgano de goberno: A Fundación Marco estará rexida polo seu Padroado, órgano de goberno integrado polo/a presidente/a, o/a vicepresidente/a e os/as vocais.

2. Órgano de xestión: será o/a director/a da Fundación Marco.

CAPÍTULO I. O PADROADO

Artigo 11.- Natureza

1. O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación Marco. Exercerá as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

2. O Padroado é titular exclusivo de tódalas facultades que no dereito sexan precisas para o eficaz desenvolvemento dos fins fundacionais. Correspóndenlle, con carácter enunciativo, as recollidas nestes Estatutos (art. 17) e a interpretación dos mesmos. Todo isto sen menoscabo de que o protectorado exerza as facultades que a lexislación vixente lle atribúe sobre as fundacións privadas.

Artigo 12.- Composición do Padroado

1. O Padroado estará integrado por un mínimo de seis (6) e un máximo de quince(15) membros que son os seguintes:

-Presidente/a. Será o alcalde-presidente/a do Concello de Vigo.

-Vicepresidente/a. Será nomeado/a por unanimidade polos patróns fundadores entre os/as vocais designados polas entidades fundadoras.

-Vocais. Serán un mínimo de cinco (5) e un máximo de catorce (14) membros

2. A duración do mandato dos membros do Padroado será de 4 anos renovables. Poderán ser reelixidos indefinidamente por períodos iguais de tempo.

3. Para inicia-lo exercicio das súas funcións os membros do Padroado deberán acepta-lo nomeamento que se fará constar mediante certificación do Padroado coas sinaturas do Presidente e Secretario dando traslado desta certificación ó Rexistro de Fundacións. Previamente o Presidente deberá facer consta-la súa aceptación na carta fundacional ou en documento público independente.

Producida unha vacante, o Padroado designará unha persoa para ocupala no prazo máximo dun mes.

Outorgada a escritura pública fundacional o Presidente do Padroado convocará sesión constitutiva a fin de que na mesma os vocais designados polas entidades fundadoras acepten o seu nomeamento, designen ó Director/a da Fundación, ó Secretario/a do Padroado e adopten os acordos necesarios para a posta en marcha da Fundación. Actuará como Secretario nesta sesión o que o sexa do Concello de Vigo.

Artigo 13.- Presidente/a de Honra

Será presidente de Honra da Fundación quen sexa Presidente da Xunta de Galicia . O cargo terá carácter honorífico

Artigo 14.- Presidente/a

Correspóndenlle ó presidente/a do Padroado as seguintes funcións:

1) Exerce-la representación da Fundación e do seu Padroado.

- 2) Convocar, presidir, suspender e levanta-las sesións, arbitra-las deliberacións do Padroado e desface-los empates co seu voto de calidade.
- 3) Autoriza-la asistencia doutras persoas ás reunións do Padroado se a súa presenza se considera conveniente pola natureza das cuestións que se vaian debater.
- 4) Exercer, en caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación e informar disto na primeira sesión que realice o Padroado.
- 5) Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.

Artigo 15.- Vicepresidente/a

Son funcións do/a vicepresidente/a:

- 1) Substituír ó presidente/a e exercer-las funcións no caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
- 2) Aquelas que por escrito lle sexan delegadas polo presidente/a.

Artigo 16.- Vocais

O Padroado terá un máximo de catorce(14) vocais.

1. Un máximo de nove (9) vocais designados/as polas entidades fundadoras en atención ó seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega.
 - O Pleno do Concello de Vigo designará tres (3) vocais.
 - A Xunta de Galicia designará dous (2) vocais.
 - Un vocal designado polo Ministerio de Cultura da Administración xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega
2. As entidades benfeitoras poderán designar un vocal (1) no Padroado da Fundación, que será elixido tras votación realizada para tal efecto entre todos eles comunicando a designación ó Padroado. Será representante nomeado por un período de 4 anos, e poderá ser reelixido. O seu nomeamento deberá ser ratificado polo Padroado.

3. Padroado poderá nomear ata tres (3) patróns/nas de honra. Serán membros de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas que, en virtude de acordo motivado pola maioría absoluta dos membros do Padroado, e en atención os seus relevantes méritos ou servizos para os fins propios da Fundación así se designen.
4. A designación, tanto do/a representante das entidades benfeitoras coma dos/as tres padróns/padroas de honra, terá lugar con posterioridade ó outorgamento da carta fundacional.
5. É automático o cesamento dos/as vocais no Padroado cando cesasen nas súas respectivas entidades. Estas deberán nomea-lo/a substituto/a coa maior brevidade posible. Tamén cesarán por petición propia ou cando sexan substituídos pola entidade que representen. En tales supostos a designación de quen os/as substitúa operará por un período de tempo igual ó que reste ata a seguinte elección da súa entidade.
6. Cando se acumulen ceses como consecuencia de ceses nas respectivas entidades o Padroado continuará no exercicio das súas funcións ata a nova constitución resultante á procura de xestionar con plenitude a totalidade das actividades ordinarias e de trámite e diferir-las cuestións transcendentais en tanto fose posible, agás que lles poidan afectar ós intereses xerais e fins da Fundación.
7. En todo caso os membros do Padroado cesarán cando se produza algún dos supostos previstos no art. 12.1 do D. 248/1992, de 18 de xuño.
8. Os vocais e os demais membros do Padroado están obrigados a:
 - a) Cumprir e facer cumprir estritamente os fins fundacionais de acordo co disposto nos Estatutos da Fundación.
 - b) Conserva-los bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación e manter plenamente a produtividade destes, segundo os criterios financeiros e de acordo coas circunstancias económicas.
 - c) Servi-lo cargo coa dilixencia dun administrador leal, segundo o establece a lei e os estatutos.

Artigo 17.- Funcións do Padroado

Ó Padroado correspóndenlle as facultades seguintes:

- 1) Acorda-la modificación dos estatutos e a transformación da Fundación Marco coas limitacións establecidas na lexislación vixente (Art. 38 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Fundacións de interese Galego).
- 2) Aproba-lo orzamento ordinario de cada exercicio e os extraordinarios (se os houberse), o inventario, a memoria anual de actividades, as tarifas, os prezos e o balance e contas de resultados.
- 3) Aproba-los plans xerais de actuación e o calendario anual de actividades propostas polo director/a, e velar polo cumprimento dos fins da Fundación Marco, garantindo a continuidade da misión, o mandato e os propósitos cos que se crea a Fundación Marco.
- 4) Aproba-las propostas do/a Director/a no tocante ás adquisicións de obras para a colección, así como a recepción de subvencións, doazóns, legados ou outras achegas realizadas por entidades públicas ou privadas.
- 5) Aprobación do Regulamento de Réxime Interno e de Servizos.
- 6) A aprobación do cadro de persoal, fixando os criterios da súa selección, e o nomeamento, separación, ou cesamento do persoal directivo de acordo coa lexislación vixente, cos presentes estatutos e co Regulamento de Réxime Interno.
- 7) Nomeamento dos/as censores/as de contas e aprobación destas.
- 8) Aproba-las concesións, concertos e convenios coas diferentes entidades públicas ou privadas sobre instalacións de servizos que se establezan no recinto museístico, así como as súas condicións económicas e técnicas, de acordo coa lexislación vixente e os presentes estatutos.
- 9) Aproba-la admisión de membros benfeitores nas súas distintas modalidades, e separación destes, así como o nomeamento e cesamento dos/as expertos/as que constitúen a comisión asesora por proposta do/a director/a e trala ratificación do presidente/a.

- 10) Acorda-lo exercicio de accións en nome da Fundación Marco perante calquera órgano xudicial, arbitral ou administrativo en tódalas súas instancias, xurisdicións e graos, outorgando os poderes para o efecto en defensa dos dereitos e intereses da Fundación Marco.
- 11) Delegar no director/a, ata o límite fixado polo Padroado, a contratación de obras, servizos e subministros para o desenvolvemento da programación aprobada polo Padroado.
- 12) Aproba-las operacións de crédito, acudindo ó crédito oficial, ó público ou a préstamos de entidades bancarias ou de aforros e concretar operacións de tesourería.
- 13) Adquisición, administración e disposición de bens mobles e inmobles nos termos establecidos polas leis e nos presentes estatutos.
- 14) Nomea-lo/a e cesa-lo/a director/a da Fundación Marco, que será proposto polo Concello de Vigo, de común acordo coas entidades fundadoras.
- 15) Con suxeición á normativa vixente, o Padroado poderá conferir apoderamentos ou delega-las súas funcións no presidente/a, vicepresidente/a e director/a da Fundación Marco, así como encomendar a algún dos seus membros aspectos concretos da xestión. As delegacións e apoderamentos deberán inscribirse no Rexistro de Fundacións. En ningún caso serán delegables as funcións que se indican no art. 14.4 da Lei 7/1983 modificada pola Lei 11/91.
- 16) En todo caso o Padroado na súa actuación someterase ó réxime de autorizacións previsto no Decreto 248/1992.

Artigo 18.- Funcionamento, convocatoria e acordos

1. Periodicidade das sesións

O Padroado reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez ó trimestre.

O/a presidente/a poderá convocar ó Padroado a reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en calquera caso, por solicitude de cando menos a terceira parte dos seus patróns.

2. Convocatoria

Para a válida constitución das sesións requírese a convocatoria por escrito dirixida a todos os membros do órgano de goberno, na que se expresará a orde do día, lugar e hora da sesión, con cinco días de antelación. No caso de sesión extraordinaria a convocatoria poderá realizarse con 48 horas de antelación por un medio que permita deixar constancia. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando ó estar presentes a totalidade dos seus membros así o acorden. En tal caso, o Padroado quedará validamente constituído para trata-los temas que, unanimesmente, decidisen incluír na orde do día.

3. Acordos

Para que quede validamente constituído o Padroado requírese a concurrencia, presentes ou representados por outros membros do Padroado, da metade máis un dos seus membros, entre os que haberá de estar necesariamente o presidente/a ou o vicepresidente/a.

Os acordos, se a normativa aplicable ou estes estatutos non esixen un quórum especial, adoptaranse por maioría absoluta de asistentes, no caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente/a.

Non serán válidos os acordos que non consten na orde do día, excepto que unanimesmente todo o Padroado lle engadise algún punto que ampare a adopción do acordo.

Artigo 19.- Secretario/a

O secretario/a será designado/a polo Padroado.

Correspóndenlle ó/á secretario/a as seguintes funcións:

- 1) O/a secretario/a do Padroado da Fundación Marco deberá estar presente en tódalas sesións ás que debe asistir con voz e sen voto.
- 2) Será fedatario/a de tódolos actos, resolucións e acordos, polo que redactará as correspondentes actas e certificará todo iso. As actas transcribíranse no libro correspondente e serán subscribas polo/a secretario/a co "conforme" do/a presidente/a e do/a director/a.
- 3) Calquera outra que lle encomende a Presidencia.

CAPÍTULO II. O/A DIRECTOR/A

Artigo 20.- O/a director/a

1. Padroado nomeará un/unha director/a que será o superior órgano unipersoal de xestión da Fundación Marco, sen prexuízo das funcións atribuídas ó Padroado nestes estatutos.
2. Para o nomeamento o cese do Director/a será necesario ter como mínimo un acordo das 2/3 partes do Padroado.
3. A Fundación Marco formalizará co director ou directora un contrato laboral adecuado o seu labor funcional. En ningún caso a duración do contrato poderá exceder de sete (7) anos prorrogables por acordo das partes e conforme ás disposicións aplicables na materia.

Artigo 21.- Funcións

Serán funcións do/da director/a:

- 1) Preparar, estudar e executa-los acordos aprobados polo Padroado e os mandados da Presidencia.
- 2) O/a director/a da "Fundación Marco" deberá asistir ás sesións do Padroado da Fundación, a menos que se lle comunique o contrario, con voz e sen voto.
- 3) Propoñer e executa-las estratexias e políticas de actuación da Fundación Marco, así como subscribi-los convenios, concertos e contratos con entidades públicas, privadas ou particulares que sexan necesarios para desenvolve-lo programa anual de actividades nos termos establecidos pola lexislación vixente e nos presentes estatutos.
- 4) Elabora-lo plan anual de actividades do "Museo de Arte Contemporánea de Vigo", a súa memoria anual e o balance de situación, ademais de dirixir, organizar e supervisa-las diferentes áreas, liñas de actuación e servizos para levar a cabo correctamente os fins da Fundación Marco.
- 5) Dirixir, xestionar e inspeccionar, conforme ás directrices do Padroado, a organización e actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo que conduzan á consecución dos fins da Fundación Marco.

- 6) Elaborar e propoñer ó Padroado o orzamento anual de gastos e ingresos, e, no seu caso, as modificacións correspondentes.
- 7) Administra-lo patrimonio segundo as leis e as atribucións conferidas polo Padroado.
- 8) Ordena-los pagamentos e a xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Padroado.
- 9) Velar polo mantemento xeral das instalacións e equipamentos da Fundación Marco.
- 10) Redacta-los Regulamentos de Réxime Interno, de persoal e de servizos.
- 11) Co fin de dar maior axilidade á xestión da Fundación Marco excepcionalmente o/a director/a poderá autorizar a organización de actividades distintas ás programadas pola Fundación Marco, sempre que se adecúe ó calendario de actividades aprobado por aquela. Neste caso deberá darlle conta de tal autorización o/a presidente/a do Padroado. Os membros do Padroado recibirán a información oficial deste/a na primeira sesión que se realice, dando conta do desenvolvemento e dos seus resultados. O/a director/a deberá formalizar, mediante contrato redactado para tal efecto, as condicións económicas, técnicas e administrativas de tal autorización, con suxeición ás prescricións legais sobre a materia.
- 12) Propoñerlle ó Padroado o nomeamento e cesamento dos cargos directivos.
- 13) Desenvolve-la política de persoal deseñada polo Padroado e, para tal fin, selecciona-lo persoal, concertar ou rescindir relacións laborais, acordar sancións e executa-los acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.
- 14) Exercer en casos de urxencia, por delegación do/a presidente/a, as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación Marco, e informar ó Padroado na primeira sesión que se realice.
- 15) Todas aquelas tarefas que o Padroado lle encomende e cantas competencias lle sexan delegadas por este de forma expresa ou todas aquelas que, sendo necesarias para a máis eficaz dirección e administración da

Fundación Marco, non lles estean reservadas a outros órganos.

CAPÍTULO III. ORGANOS COMPLEMENTARIOS

Artigo 22.- Órganos complementarios

A Fundación Marco poderá contar con órganos complementarios para o desenvolvemento de funcións consultivas, asesoras ou de apoio, non vinculantes para os órganos directivos, salvo que expresamente se dispoña o contrario no Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 23.- Comisión asesora

Co fin de realizar un correcto desenvolvemento das funcións e dos fins e actividades de promoción da arte e da cultura que constitúen os fins da Fundación Marco, o Padroado poderá nomear e cesar, por proposta do/a director/a, unha comisión asesora, composta por un máximo de catro membros de recoñecido prestixio estatal ou internacional no ámbito da arte contemporánea.

Basicamente as súas funcións consistirán na realización de estudos e na emisión de informes, ditames e propostas que estarán estruturadas e determinadas no mencionado Regulamento da Fundación Marco que será aprobado polo Padroado.

A función consultiva e asesora do comité asesor estará encamiñada fundamentalmente a conseguila presenza regular de técnicos/as cualificados/as no sector, que permitirá unha maior difusión e prestixio das actividades da Fundación Marco, e, polo tanto, unha mellor consecución dos fins perseguidos.

Artigo 24- Funcións da comisión asesora

1.A comisión asesora terá labores consultivas e de asesoramento ó/á director/a. Deberá colaborar con este/a nos labores para os que fosen designados, en particular, na elaboración do programa de actividades do Museo. En todo caso axustarase a súa actuación a canto se establece nos presentes estatutos, ó que dispoña o Padroado, así como á lexislación específica na materia.

2.Os membros da comisión asesora poderán reunirse cantas veces o estime oportuno o/a director/a ou se o solicita a maioría dos seus membros.

3.A duración do mandato dos membros designados será de 3 anos renovables. Poderán ser reelixidos indefinidamente por períodos iguais de tempo.

Artigo 25.- Asociación de Amigos do Museo de arte Contemporánea de Vigo

1. A Fundación Marco, co fin de captar outros patrocinios no mundo empresarial e civil poñerá en funcionamento unha "Asociación de Amigos do Museo de Arte Contemporánea de Vigo". Esta asociación establecerá un "Programa de Amigos do MARCO" da Fundación no que se establecerán distintas categorías de vinculación e de responsabilidades dos socios colaboradores en función do compromiso adquirido e da contía económica que achegarán as ditas entidades ou particulares ó desenvolvemento dos fins da Fundación Marco.

2. O programa de "Amigos do MARCO" estará detallado no Regulamento de réxime interno da Fundación Marco, e nel estableceranse as condicións particulares que haberán de cumprilas persoas colaboradoras, ó igual que se diferenciarán os beneficios e contraprestacións que percibirán pola colaboración.

3. As persoas que formen parte da "Asociación de Amigos do Museo de Arte Contemporánea de Vigo" non formarán parte do órganos de goberno da Fundación Marco en virtude desta condición.

TÍTULO V
RECURSOS DA FUNDACIÓN MARCO

Artigo 26.- Destino de rendas e ingresos

Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado o cento por cento das rendas ou calquera outro ingreso neto que, trala dedución de impostos, obteña a Fundación Marco.

Artigo 27.- Financiamento dos gastos derivados do funcionamento do MARCO

Sen prexuízo do indicado no artigo 29.2 destes estatutos, o Concello de Vigo, co obxecto de posibilitar dun xeito fidedigno o inicio de actividades da Fundación, aportará para as anualidades 2002 e 2003 as seguintes achegas:

Exercicio 2002: 412.202 €

Exercicio 2003: 900.150 €.

Constituída a Fundación, o Padroado consensuará cos restantes entes fundadores as achegas necesarias para a súa posta en marcha.

TÍTULO VI
RÉXIME PATRIMONIAL, FINANCEIRO E CONTABLE

Artigo 28.- O patrimonio

1. O patrimonio da Fundación Marco poderá estar constituído por bens e dereitos de calquera clase e, en particular, polos que constitúen a dotación inicial da Fundación Marco recollida na carta fundacional.

A adquisición, administración e disposición dos bens corresponde ós órganos da Fundación Marco de acordo con estes estatutos.

2. Poderán adscribirse á Fundación Marco bens e dereitos sen que isto implique a transmisión de dominio. Esta clase de bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión debidamente separados daqueles que fosen adquiridos ou se adquirisen no exercicio da actividade da Fundación Marco e, polo tanto, deben estar incorporados ó seu patrimonio.

As melloras, reparacións, conservación e mantemento destes bens correrán por conta da Fundación Marco.

A Fundación Marco non poderá allear nin dar de baixa ningún elemento ou equipo que figure en réxime de cesión sen obter a autorización dos órganos que llo adscribisen.

3. O patrimonio da Fundación Marco quedará reflectido no inventario que revisará e aprobará anualmente o Padroado. Os bens que sexan susceptibles de inscrición, inscribíranse no Rexistro da Propiedade. Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse ó seu nome nos establecementos financeiros.

4. Os bens que integran o patrimonio fundacional, sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan vinculados exclusivamente ó cumprimento directo ou indirecto dos fins da Fundación Marco.

Artigo 29.- Réxime e recursos económicos

Os recursos económicos da Fundación Marco compóñense de:

1) A dotación inicial.

- 2) As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades benfeitoras e da Asociación dos Amigos do Marco. Museo de Arte Contemporánea de Vigo, mediante o seu programa de membros colaboradores.
- 3) Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas no art. 19 do Decreto 248/1992.
- 4) Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- 5) Os rendementos do seu patrimonio.
- 6) Subvencións, axudas, bens, ou legados e herdanzas aceptados, e, en especial, os procedentes de iniciativas de mecenado e patrocinios.
- 7) Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.
- 8) Calquera outro no marco legal aplicable.

Artigo 30.- Orzamento

1. Antes de iniciar cada exercicio económico anual, o órgano de goberno da Fundación Marco aprobará e remitiralle ó Protectorado o orzamento de ingresos e gastos correspondentes ó dito exercicio, que non poderá ser presentado con déficit. Na confección do orzamento poderán seguirse os mesmos criterios do Plan Xeral de Contabilidade ou calquera outro xeralmente admitido, sempre que se cumpran, cando menos, os requisitos sinalados no artigo 28.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.
2. O Padroado deberá confeccionar un orzamento extraordinario cando se trate de levar a cabo actuacións excepcionais non incluídas no presuposto ordinario que requiran a súa aprobación polo Protectorado.
3. Os orzamentos extraordinarios haberán de ser nivelados, e figurará neles unha suma de ingresos equivalentes á dos gastos extraordinarios que conteñan.
4. En todo caso, os orzamentos, tanto ordinarios como extraordinarios, terán que adaptarse ó establecido no xa citado Decreto 248/1992, do 18 de xuño.
5. Tódolos ingresos da Fundación Marco que non formen parte da dotación fundacional inicial dos patróns fundadores serán aplicados ó cumprimento dos seus fins. En todo caso a conservación e mellora das instalacións

afectadas ós fins da Fundación Marco farase con cargo ós seus orzamentos.

Artigo 31.- Réxime financeiro

1. A xestión económico-financeira da Fundación Marco levarase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa vixente.

2. A Fundación Marco levará aqueles libros que sexan convenientes para a boa orde e o bo desenvolvemento das súas actividades, así como o adecuado control da súa contabilidade. Será en todo caso necesario formular e levarlos seguintes libros e documentación:

- a) Inventario-balance
- b) Memoria
- c) Orzamentos e a súa liquidación
- d) Libro diario
- e) Libro de actas

3. Dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio económico, a Fundación Marco confeccionará a liquidación do orzamento ordinario e o balance correspondente ó exercicio anterior, así como unha memoria das actividades realizadas durante o ano, da xestión económica e do patrimonio suficiente para que coa súa lectura se poida obter unha representación exacta do cumprimento da finalidade fundacional e da situación patrimonial da entidade.

Na memoria tamén se especificarán os cambios producidos no investimento do patrimonio fundacional e na composición dos órganos de goberno e dirección da Fundación Marco.

4. A Fundación Marco remitiralle ó protectorado, antes do día 1 de xullo de cada ano, dous exemplares do orzamento ordinario do ano anterior, da súa liquidación, do balance de situación, conta de resultados do exercicio anterior e da memoria debidamente asinados e acompañados dunha certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade.

5. A contabilidade da Fundación Marco será obxecto de auditoría externa, sen prexuízo daquelas outras auditorías que veñan esixidas pola natureza pública das axudas que reciba.

TÍTULO VII
RÉXIME INTERNO E DE PERSOAL

Artigo 32.- Regulamento de réxime interno

Unha vez constituída a Fundación Marco a dirección proporalle ó Padroado, para a súa aprobación, un Regulamento de Réxime Interno no que se recollerán as funcións dos distintos postos de traballo, así como os aspectos máis salientables sobre o funcionamento xeral do museo, como poden ser as normas para adquisición de obras de arte para a colección, a formación do comité de adquisicións de obras de arte ou a aceptación de doazóns para a colección, así como os estatutos da Asociación de Amigos do Museo e o seu programa de socios colaboradores.

Artigo 33.- Réxime de persoal

O réxime xurídico do persoal da Fundación Marco será de carácter laboral, coas garantías que establecen para este efecto o Estatuto dos Traballadores e demais normas laborais.

TÍTULO VIII
MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN MARCO

Artigo 34.- Modificación de estatutos

Por acordo do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación Marco, e se cumpran os requisitos esixidos no art. 38 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

Para que esta modificación sexa válida requírese que esta non sexa contraria á vontade dos membros fundadores nin ós fins da Fundación Marco.

A modificación ou nova redacción dos estatutos deberá ser aprobada polo Protectorado e inscribírase no rexistro correspondente.

Artigo 35.- Extinción da Fundación Marco

1. A disolución da Fundación Marco realizarase por acordo do Padroado, en sesión extraordinaria especial convocada para o efecto, e requirirá o voto favorable dos dous terzos do número legal dos seus membros. Este acordo deberá ser ratificado polo Protectorado. Así mesmo, a Fundación Marco extinguirase nos supostos legalmente previstos.

2. Disoluta a Fundación Marco, o seu patrimonio aplicarase a realización de fins de interese xeral análogos aos realizados pola Fundación MARCO

3. Agás a colección de arte, o resto dos bens que foran adquiridos con fondos da Fundación Marco destinaranse a actividades de carácter público.

4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, será de aplicación, en todo caso, o disposto nos artigos 39 e 40 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.